




A primeira revisita

Obra completa · María Mariño · Victoria Sanjurjo (editora) · Xerais, 2006 · 210 páx. · 8,65 euros

Como todos os anos, a Real Academia Galega dá a coñecer o nome do escritor a quen se dedica o Día das Letras e as editoriais comezan a carreira por seren as primeiras en ofrecer máis e mellores obras sobre a súa figura humana e literaria. Así, fotobiografías, dicionarios, obras completas, estudos, unidades didácticas, vídeos e demás formatos compiten por achegar a máis completa información sobre un personaxe que, na maior parte dos casos, era –e seguirá a serlo despois deses días– bastante desconocido. E é que o público recibe tal cantidade de datos do homenaxeado –sobre todo nos meses previos ao 17 de maio– que fica, cando menos, exhausto. Descoñécese se este ano pasará o mesmo coa poeta a quen se lle dedica a festa das Letras pero xa comezan a aparecer os primeiros indicios da avalancha editorial que se nos vén enriba sen remedio.

Por todos é sabido que 2007 é o ano de María Mariño, a poeta de quen se cuestionou, mesmo, a súa verdadeira existencia, e Xerais adiantouse aos outros selos publicando a *Obra completa* en edición de Victoria Sanjurjo Fernández. O volume recolle os dous poemarios da escritora

(*Palabra no tempo* e *Verba que comenza*) e acompañaos dunha ampla introdución onde se poñen de manifesto, por veces dunha forma un tanto reiterativa, as temáticas troncais que vertebran a súa poesía: o intimismo radical, a vivencia da enfermidade e a próxima morte, a “mística materialista” que leva o eu a fundirse coa materia, a presenza do tempo e a potencialidade creativa da pa-



labra. Mais, o meirande interese deste volume, para alén do feito de facilitarnos o contacto directo coas obras da poeta, reside na inclusión dentro de *Verba que comenza* dalgúns poemas que non figuraban na primeira edición: catro deles foran xa publicados en *A Trabe de Ouro* e dous son inéditos. Así vén completarse o corpus da obra poética de María Mariño que será revisitada con profusión durante os próximos meses até que un novo autor colla o relevo desempeñando o papel de homenaxeado.

// Teresa Seara